

NOMEAMENTO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

De conformidade coa normativa de emprego publico e as bases que rexen o procedemento de selección, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía núm. 356/2026, relativa ao nomeamento de D. Basilio Canosa Díaz, con DNI ***2822**, como persoal funcionario de carreira, praza de arquitecto/a técnico/a, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, grupo A, subgrupo A2, que en extracto di:

“.../

Primeiro.- De conformidade coa proposta realizada polo Tribunal Cualificador, nomear a D. Basilio Canosa Díaz, con DNI ***2822**, como persoal funcionario de carreira, praza de arquitecto/a técnico/a, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, grupo A, subgrupo A2.

Segundo.- De conformidade co previsto nas bases que rexen o procedemento de selección, base 9ª, advertir ao Sr. Canosa Díaz que:

“A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia; de non o facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, non poderá adquirir a condición de persoal funcionario de carreira.

Se, sen causa xustificada, non se tomara posesión dentro do devandito prazo, entenderase que se renuncia á praza e ao nomeamento, realizándose unha nova proposta de nomeamento a favor da/s seguinte/s persoa/s aspirante/s da relación complementaria.

Mentres non se formalice a toma de posesión non existirá dereito a percepción económica de ningunha clase”.

.../

Sexto.- Contra a presente que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición será dun mes, contando desde o seguinte á publicación da presente, non podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición ou se teña producida a súa desestimación por silencio administrativo.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contenciosa-administrativa.

Contra a resolución expresa do recurso potestativo de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal de Instancia de A Coruña (sección do contencioso-administrativo) no prazo de dous meses contados desde o seguinte a aquel en que se notifique a resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses desde que se entenda desestimado por silencio administrativo, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-administrativa.

O recurso contencioso-administrativo pode interpoñerse directamente ante o Tribunal de Instancia correspondente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da presente.

Os prazos fixados por meses concluirán o mesmo día no que se produciu a notificación ou o silencio administrativo.

En canto a competencia territorial do Tribunal de Instancia se estará ao establecido no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-administrativa e a Lei Orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público da Xustiza.

Así mesmo, poderase utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.
CVD: ujnbnMA7GByeEPdFWIm91 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.malpicadebergantinos.es/

Malpica de Bergantiños, a 19 de xuño de 2026

O alcalde

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga